



**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO 19.05.2021 POLA QUE SE AMPLÍA A LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE AUXILIAR DE SALA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, AO OBXECTO DE ATENDER AS NECESIDADES DESTE TIPO DE PERSOAL NOS SUPPOSTOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO OU NO ART. 15 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES (BOP núm. 045, do 25.02.2021)**

O presidente da Deputación Provincial de Lugo o 19.05.2021 ditou, entre outras, a seguinte resolución:

*“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:*

*“Por acordo da Xunta de Goberno do 12.02.2021, apróbbase a convocatoria e as bases específicas do proceso selectivo para ampliar a vixente listaxe de emprego de temporal de Auxiliar de Sala, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 045, do 25.02.2021).*

*As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota discapacitados) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020 e corrección erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.*

*As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 07.05.2021.*

*Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a Presidencia da entidade para que aprobe a ampliación da vixente listaxe para prestar servizos temporais como Auxiliar de Sala na Deputación Provincial de Lugo, por orde de puntuación, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo.*


*Á vista do sinalado proponse á Presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, Resolva:*

Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos

O presente documento está  
exposto no Taboleiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 21 MAYO 2021  
ata o día 07 JUN. 2021  
O XEFÉ DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANÇA

	IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4	Fecha y Hora	20/05/2021 12:49:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Uri de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4</a>	Página	1/3





1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a ampliación da vixente listaxe de emprego temporal de Auxiliar de Sala, grupo C - subgrupo C2, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

Nº Orde	Apelidos e Nome	Cualificación Final
1	Arias Abella, Paula	50,616
2	López de la Villa, María del Valle	39,394
3	García Souto, Xoán Carlos	39,116
4	Andión Fernández, Andrea	34,200
5	Penoucos Blanco, Tania	31,030

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- As incorporacións na listaxe terá vixencia, dende a data de publicación da proposta do Tribunal na web corporativa da Deputación de Lugo (07.05.2021)".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

*Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".*

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o presidente da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución ou recurso

Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos

O presente documento estará  
exposto no Taboaireiro de  
Aprobación desta Deputación  
desde o día 21 de Mayo 2021  
ata a día 27 de Jun. 2021  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

	IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4	Fecha y Hora	20/05/2021 12:49:59	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4</a>	Página	2/3	



contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

A secretaria xeral

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día **21 MAYO 2021**  
ata a día **07 JUN. 2021**  
O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA

	IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4	Fecha y Hora	20/05/2021 12:49:59
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7EWGAY34MPJ5ENQ4MDKILFH4</a>	Página	3/3

